



EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO - EVISLUSA - EXCMO CONCELLO DE LUGO.

Extracto das bases da convocatoria para a contratación dunha/dun arquitecta/o Superior na Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA), como persoal laboral indefinido e mediante o sistema de Concurso-Oposición.

Mediante acordo do Consello de Administración da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA), de data 20 de marzo de 2024, resultaron aprobadas as bases da convocatoria pública para a provisión dunha praza de Arquitecta/o superior (persoal laboral indefinido) en cubrición de vacante mediante o sistema de Concurso-Oposición.

O texto íntegro de das bases, estará exposto nos espazos “Portal de Transparencia” do Excmo. Concello de Lugo, así como na páxina WEB de EVISLUSA, que se atopa aloxada na páxina web do Excmo. Concello de Lugo, premendo nun link ou hipervínculo específico situado no apartado “a un click” da páxina municipal e que se poderá identificar mediante o acrónimo: EVISLUSA, na seguinte dirección web: www.lugo.es/ws/evislusa Os sucesivos anuncios que se deriven da execución do presente proceso selectivo se publicarán, exclusivamente no enlace descrito anteriormente, que se pasará a denominar “Link de EVISLUSA”, dispoñible na sede electrónica deste Concello, accesible a través de internet no enderezo anteriormente indicado. As devanditas bases tamén serán facilitadas nas propias oficinas de EVISLUSA.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As persoas interesadas, poderán presentar a solicitude para participar no proceso selectivo, aportando a documentación de forma presencial no rexistro da oficinas da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA) situadas na Rúa Quiroga Ballesteros, nº 1, Edificio Municipal Uxío Novoneyra, terceiro andar dereita. Dentro do prazo establecido especificado nas bases se admitirán solicitudes formuladas a través das oficinas de correos, mediante carta certificada, adiantando vía correo electrónico a: administracion.evislusa@lugo.gal a pretensión de participar no proceso, coa simple remisión da solicitude selada pola oficina, non admitíndose presentar o conxunto da documentación por este medio electrónico.

O que se fai público para o seu xeral coñecemento.

EVISLUSA, Excmo. Concello de Lugo

A Presidenta de EVISLUSA, Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo